

ACTA NÚM. 10/2024.

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O
DÍA 16 DE OUTUBRO DE 2024.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 16 de outubro de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:
PABLO LAGO SANMARTÍN. (PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.
CARLOS NOYA PEREIRA.

-. PP:
MARÍA FARIÑA BELLÓN.
WALDO CARBALLO GARCÍA.
EMILIO JESÚS APARICIO PÉREZ.

-. BNG:
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
TERESA A. ANDRADE CARRILLO.

Non asiste:
TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste o interventor do Concello Luis Taboada Hervella.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 03.10.2024.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 06.09.2024 AO 11.10.2024.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 4/2024.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE NOVA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMENENTE.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA SOBRE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO A 31.12.2023.

7º) MOCIÓN.

8º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 03.10.2024.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión anterior núm. 9/2024, do 03.10.2024.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 06.09.2024 AO 11.10.2024.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

N.º Decreto	Data Sinatura	Asunto
00530/2024	06/09/2024	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000461961
00531/2024	06/09/2024	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000463292
00532/2024	09/09/2024	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O DÍA 10/09/2024 ÁS 14:00 HORAS.
00533/2024	10/09/2024	PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA AGOSTO
00534/2024	10/09/2024	PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA AGOSTO
00535/2024	10/09/2024	RELACION DE FACTURAS F/2024/47 CONTRATO
00536/2024	10/09/2024	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO HÍBRIDO ENCHUFABLE
00537/2024	10/09/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000032900
00538/2024	10/09/2024	APROBACIÓN CERT. N.º 3 OBRA MELLORA DE VIARIOS EN O CABO E A GRAÑA
00539/2024	10/09/2024	APROBACIÓN CERT. N.º 1 OBRAS MELLORA DO VIARIO DENDE RÚA GONDAR A LÍMITE MUNICIPAL E OUTROS
00540/2024	11/09/2024	APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE O CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL E O CONCELLO PARA REFORZO POLICÍA LOCAL
00541/2024	11/09/2024	SERVIZO DE LIMPEZA DA ESCOLA DE ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE OS ÁNXELES.
00542/2024	12/09/2024	PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SETEMBRO
00543/2024	12/09/2024	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS AGOSTO 2024. MOD. IRPF 111, 115 E IVÉ 303.
00544/2024	12/09/2024	APROBACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DOS ORZAMENTOS 2025 (LÍNEAS 2024-2025)

00545/2024	12/09/2024	APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE MUXÍA E O CONCELLO DE BRIÓN PARA REFORZO POLICÍA LOCAL
00546/2024	13/09/2024	DEVOLUCIÓN DE FIANZA VIVENDA UNIFAMILIAR EN CHAVE DE PONTE, 53. BASTAVALES.
00547/2024	13/09/2024	DEVOLUCIÓN DE FIANZA VIVENDA UNIFAMILIAR EN RÚA MOUTELLO, 15. BRIÓN.
00548/2024	13/09/2024	DEVOLUCIÓN DE FIANZA VIVENDA UNIFAMILIAR EN BRANS DE ABAIXO, 40. BRIÓN.
00549/2024	13/09/2024	DEVOLUCIÓN DE FIANZA VIVENDA UNIFAMILIAR EN GUITIANDE, 15. OS ÁNXELES.
00550/2024	13/09/2024	CONSIGNACIÓN XUDICIAL FRANQUICIA PROCÉDEMENTO ABREVIADO 0000081/2024-M - RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL
00551/2024	13/09/2024	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR ELABORACIÓN PROXECTO DE MELLORA DA E.E. MEDIANTE TECNOLOXÍA LED
00552/2024	17/09/2024	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE REVISIÓN E MANTEMENTO DE ASCENSORES
00553/2024	17/09/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000032977
00554/2024	18/09/2024	BAIXA SAF_EXPTÉ.19/2023/D
00555/2024	18/09/2024	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE LIMPEZA DA ESCOLA DE ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE OS ÁNXELES
00556/2024	18/09/2024	M.C. Nº 13/2024: IRC 2023/2024 FINANCIADA ÍNTEGRAMENTE CON RLTGX (PG 2023/4/MENAP/1)
00557/2024	18/09/2024	RECOÑECEMENTO DA CONSOLIDACIÓN DE GRAO DUNHA EMPREGADA PÚBLICA DESTE CONCELLO.
00558/2024	18/09/2024	APROBACIÓN DO CONTRATO MENOR. ORQUESTRAS MARBELLA E ORIXE.
00559/2024	18/09/2024	APROBACIÓN DO CONTRATO MENOR FESTAS SANTA MINIA. ORQUESTRAS OLYMPUS E DISCO EME MUSIC.
00560/2024	18/09/2024	APROBACIÓN DO CONTRATO MENOR. ORQUESTRA LOS SATÉLITES.
00561/2024	18/09/2024	ADXUDICACIÓN EXTRAORDINARIA (SETEMBRO) DE PRAZAS ESCOLA INFANTIL - CURSO 2024/25
00562/2024	19/09/2024	CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ILUMINACIÓN FESTAS DE SANTA MINIA.
00563/2024	19/09/2024	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL SITO NA ALDEA DE PEDROUZOS.
00564/2024	19/09/2024	APROBACIÓN DO CONTRATO MENOR. DOTACIÓN TÉCNICA PARA CONCERTO DE XABIER DIAZ.
00565/2024	19/09/2024	APROBACIÓN DO CONTRATO MENOR. CREACIÓN DE VIDEOMAPPING PARA AS FESTAS DE SANTA MINIA.
00566/2024	19/09/2024	APROBACIÓN DO CONTRATO MENOR POLO ESPECTÁCULO PIROTÉCNICO DAS FESTAS DE SANTA MINIA.
00567/2024	20/09/2024	APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA PRAZA OFICIAL I-CONDUTOR DA OEP 2024.
00568/2024	20/09/2024	APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA PRAZA OFICIAL ADMÓN (AUXILIAR ADMINISTRATIVO) DA OEP 2024.
00569/2024	20/09/2024	REMISIÓN EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO E EMPRAZAMENTOS AO XULGADO P.O. 0000179/2024
00570/2024	20/09/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/52 CONTRATO
00571/2024	20/09/2024	CONCESIÓN DE ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. EEI OS ÁNXELES
00572/2024	20/09/2024	CONCESIÓN DE ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2024. EEI SABAXÁNS

00573/2024	20/09/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/50
00574/2024	20/09/2024	COMISIÓN DE SERVIZOS SANTA MINIA
00575/2024	23/09/2024	RESOLUCIÓN SANCIONADORA EN MATERIA DE TRÁFICO 9950000033030
00576/2024	25/09/2024	APROBACIÓN CERT. Nº 2 E FINAL PROXECTO DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO DO CONCELLO
00577/2024	25/09/2024	APROBACIÓN LIQUIDACIÓN OBRA MELLORA DE VIARIO EN A TELLEIRA
00578/2024	25/09/2024	APROBACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN PARA O REFORZO DA POLICÍA LOCAL POLAS FESTAS DE SANTA MINIA.
00579/2024	25/09/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 9950000033053
00580/2024	25/09/2024	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN ÚNICA FONTE E LAVADOIRO DE BOAVENTURA E FONTE E LAVADOIRO DE ALQUEIDÓN
00581/2024	26/09/2024	ALTA SAF MUNICIPAL EXPTE. 07/2024-M
00582/2024	26/09/2024	BAIXA SAF DEPENDENCIA_EXPTE.02/2022-D
00583/2024	26/09/2024	RECOÑECEMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL.SETEMBRO 2024
00584/2024	26/09/2024	INCREMENTO SAF EXPTE. EXPTE.16/2022-D
00585/2024	26/09/2024	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. SETEMBRO 2024.
00586/2024	26/09/2024	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA 1º TRIMESTRE 2024 -LB/T1.24
00587/2024	30/09/2024	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - SETEMBRO 2024
00588/2024	30/09/2024	CONVOCATORIA DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 03.10.2024, ÁS 13:00H.
00589/2024	01/10/2024	PERSONACIÓN ANTE O XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO 4 DE A CORUÑA P.O. 0000179/2024
00590/2024	01/10/2024	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE SETEMBRO DE 2024
00591/2024	01/10/2024	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE SETEMBRO DE 2024
00592/2024	01/10/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 9950000033111
00593/2024	02/10/2024	M.C. Nº 14/2024: X.C. 1ª FASE POS+ ADICIONAL 2/2024 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL
00594/2024	02/10/2024	EXCLUSIÓN LICITADORES, CLASIFICACIÓN E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN AO CLASIFICADO EN 1º LUGAR DA OBRA REFORMADO DO DE PAVIMENTACIÓN DE ACCESO A GOSENDE E OUTROS.
00595/2024	02/10/2024	APROBACIÓN LIQUIDACIÓN OBRAS MELLORA DO VIARIO DA ALDEA DE ESPARÍS A DP-1302
00596/2024	02/10/2024	M. C. Nº 15/2024: T.C. ENTRE APLICACIÓNS ÁREA DE GASTO 1 PARA ACHEGA MUNICIPAL OBRA POS+ ADICIONAL 2/2024, 1ª FASE (PG 2024/2/CANCA/1)
00597/2024	02/10/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/54 CONTRATO
00598/2024	02/10/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/53
00599/2024	03/10/2024	AUTOLIQUIDACIÓN TAXA PUBLICACIÓN BASES PROCESO SELECTIVO OFICIAL DE ADMINISTRACIÓN.
00600/2024	03/10/2024	AUTOLIQUIDACIÓN TAXA PUBLICACIÓN BASES PROCESO SELECTIVO PRAZA DE OFICIAL I-CONDUCTOR.
00601/2024	03/10/2024	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE LIMPEZA DE VARIOS EDIFICIOS MUNICIPAIS.

00602/2024	03/10/2024	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000463260
00603/2024	03/10/2024	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: MELLORA VIARIO ALDEA DE LAMIÑO, POS+ADICIONAL 2/2024
00604/2024	03/10/2024	APROBACIÓN EXPTE DE CONTRATACIÓN OBRA: SENDA EN ALDEA CHAVE DE PONTE. POS+ ADICIONAL 2/2024, 1ª FASE
00605/2024	03/10/2024	APROBACIÓN EXPTE CONTRATACIÓN OBRA: SENDA ALDEA CANTALARRANA A ALDEA O CABO. POS + ADICIONAL 2/2024
00606/2024	03/10/2024	APROBACIÓN DUN CONVENIO CO CIFP COMPOSTELA PARA PRÁCTICAS NA ESCOLA INFANFIL MUNICIPAL.
00607/2024	03/10/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/51 (+3.000)
00608/2024	03/10/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/55 (+3.000)
00609/2024	04/10/2024	EMERXENCIA MUNICIPAL_06-2024
00610/2024	04/10/2024	APROBACIÓN DEFINITIVA AXUDAS PARA ESCOLARIZACIÓN CURSO 2024-2025
00611/2024	04/10/2024	CONTRATACIÓN DE PERSOAL SUBSTITUTO PARA A ESCOLA INFANTIL.
00612/2024	07/10/2024	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 08/10/2024 ÁS 14: HORAS.
00613/2024	07/10/2024	CORRECCIÓN DE ERROS NO DECRETO 255/2024 ASIGNACIÓN DE NÚMERO A DÚAS VIVENDAS EN AVDA DE NOIA
00614/2024	07/10/2024	RESOLUCIÓN SANCIONADORA EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000033166
00615/2024	07/10/2024	APROBACIÓN EXPTE DE CONTRATACIÓN OBRA: PISTA EN BRANS DE ABAIXO E OUTROS
00616/2024	07/10/2024	APROBACIÓN CERT. Nº 2 E FINAL OBRA MELLORA DO VIARIO DE ACCESO A GOSENDE
00617/2024	07/10/2024	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS SETEMBRO 2024. MOD. IRPF 111, 115 E IVE 303 .
00618/2024	08/10/2024	PREMIOS XLI CARREIRA PEDESTRE POPULAR DA AMAÍA 2024
00619/2024	08/10/2024	DESIGNACIÓN LETRADA E PROCURADORES NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 0000687/2023 ANTE O XULGADO DO SOCIAL NÚM. 1 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.
00620/2024	08/10/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/57 CONTRATO
00621/2024	08/10/2024	RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/56
00622/2024	09/10/2024	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000033199
00623/2024	09/10/2024	PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OUTUBRO
00624/2024	09/10/2024	NOMEAMENTO DOS REPRESENTANTES DE BRIÓN PARA O TRIBUNAL OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO 2024
00625/2024	09/10/2024	BAIXA SAF MUNICIPAL EXPTE.28/2023-M
00626/2024	09/10/2024	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 03/2014-D
00627/2024	10/10/2024	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) DO 15.10.2024, ÁS 13:00H.
00628/2024	10/10/2024	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA DE SERVIZOS DO 15.10.2024, ÁS 13:15H.
00629/2024	10/10/2024	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO MANTENIMENTO ELÉCTRICO INTEGRAL DO CONCELLO
00630/2024	10/10/2024	APROBACION INICIAL DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA, DO 3º TRIMESTRE DE 2024

00631/2024	10/10/2024	CONTRATACIÓN DE PERSOAL PEÓN GES: JOSE DOMINGUEZ DUBRA.
00632/2024	10/10/2024	APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE OBRA ACONDICIONAMENTO AC-543 PP.QQ. 8+390 AO 9+870.
00633/2024	10/10/2024	APROBACIÓN DO PROGRAMA DE TRABALLO DA OBRA ACONDICIONAMENTO AC-543 PP.QQ. 8+390 AO 9+870.
00634/2024	10/10/2024	APROBACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E/OU DEMOLICIÓN DA OBRA ACONDICIONAMENTO AC-543
00635/2024	10/10/2024	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 192
00636/2024	10/10/2024	RESOLUCIÓN RECURSO DE REPOSICIÓN EXPTE: 2024/U018/000005
00637/2024	11/10/2024	CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO DO 16.10.2024, ÁS 13:00H.

O Pleno toma coñecemento.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 20.09.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 15.10.2024, que transcrita di:

Co obxecto de proceder á modificación da taxa pola subministración de auga, e tendo en conta que o artigo 16 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais establecen esta posibilidade, tramitouse o expediente para levar a cabo a devandita modificación.

O motivo que xustifica esta proposta é a necesidade de actualizar as tarifas existentes en función do I.P.C., de agosto de 2023 a agosto de 2024, que é do: 2,30 %, por ser as datas de referencia da actualización desta taxa, tratando de conseguir o autofinanciamento do servizo.

Visto o informe de secretaría, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga, publicada no BOP da Coruña núm. 66, do 23.03.2009, modificada por acordos publicados nos BOP do 13.12.2010, 22.12.2011, 10.12.2012, 09.12.2013, 05.12.2014, 14.12.2015, 15.12.2016, 14.12.2017, 12.12.2018, 11.12.2019, 15.12.2020, 16.12.2021, 15.12.2022 e 18.12.2023.

2º) Modificar o texto da ordenanza nos seguintes termos:

- Se modifican os epígrafes 1 ao 6 do art. 6: Cota Tributaria, que pasan a ter a seguinte redacción:

Epígrafe 1. Aboados da rede municipal xeral.

Tarifa	Concepto	Tarifa
1.1	Mínimo de 10 m ³ , por abonado e mes	0,716 €/ m ³
1.2	De máis de 10 m ³ e ata 15 m ³ , por abonado e mes	0,934 €/ m ³
1.3	Máis de 15 m ³ por abonado e mes	1,396 €/ m ³

Epígrafe 2. Aboados da rede de Luaña.

Tarifa	Concepto	Tarifa
2.1	Mínimo de 10 m ³ , por abonado e mes	0,526 €/ m ³
2.2	De máis de 10 m ³ e ata 15 m ³ , por abonado e mes	0,577 €/ m ³
2.3	Máis de 15 m ³ por abonado e mes	0,697 €/ m ³

Epígrafe 3. Acometidas.

Os prezos varían dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabiá:

Prezos para a acometida normal de 1 a 5 m.

Ø Acometida	Terra (A)	Asfalto (B)	Baldosa-acera (C)
¾"	245,13	315,70	378,14
1"	264,21	333,43	392,34
1 ¼ "-1 ½"	317,85	387,78	446,74
2 "	378,23	446,71	506,40

Prezos para a acometida de máis de 5 m.

	¾"	1"	1 ¼ "-1 ½"	2 "
(A) incremento € por m	11,37	13,33	19,04	32,00
(B) incremento € por m	25,08	27,11	32,74	45,69
(C) incremento € por m	30,22	31,35	37,79	50,68

Epígrafe 4. Contadores.

Instalación de contador de 13/15/20 mm. en batería de contadores ou similar.

Características	Tarifa
Contador de 13/15 mm. , válvula antirretorno e pezas de conexión	100,45 €/ud.
Contador de 20 mm., válvula antirretorno e pezas de conexión	127,29 €/ud.

Instalación de arqueta no chan.

Características	Tarifa
Arqueta de 40 x 40, contador de 13/15 mm. , válvula antirretorno e pezas de conexión.	223,77 €/ud.

Contador de diámetro superior a 20 mm.

Características
Según orzamento para cada caso

Contadores (sen colocación).

Ø	Tarifa
Ø 13 mm	68,94 € /ud.
Ø 15 mm	68,94 € /ud.
Ø 20 mm	95,76 € /ud.
Ø 25 mm	156,04 € /ud.
Ø 30 mm	218,10 € /ud.
Ø 40 mm	338,13 € /ud.
Ø50 mm	738,76 € /ud.
Ø 65 mm	915,83 € /ud.

Epígrafe 5. Xestión de cobro a impagados.

Cobro aos abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago

	Tarifa
Cota	5,19 € / ud.

Epígrafe 6. Desprecintado do contador/Comprobación e precintado de contador no instalado polo servizo/Comprobación de contador de abonado con contador patrón.

Esta cota é a que se refire ao reestablecemento do subministro

	Tarifa
Cota	34,96 € / ud.

Todos os prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2025, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

3º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (3) e BNG (3).
Votos en contra: 0.
Abstencións: 0.
Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 4/2024.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 08.10.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 15.10.2024, que transcrita di:

Vista a existencia de facturas correspondentes a diversos subministrados e servizos prestados en anos anteriores ao 2024, que non puideron ser aplicados ao exercicio orzamentario que correspondían, porque foron presentadas no Rexistro Municipal de Entrada entre os meses de marzo e setembro de 2024.

Considerando a efectiva realización do servizo por parte do terceiro acreedor, constando factura acreditativa de cada un dos gastos.

Esta Alcaldía, tramitou o correspondente expediente de recoñecemento extrajudicial de crédito para aprobar as facturas (relacionadas no Anexo adxunto a este expediente), emitíndose o informe de Intervención con data 8 de setembro de 2024, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non se recoñeceron naquel exercicio ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación.

Por tanto, en aplicación do devandito artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e previo informe da Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar e dispoñer os gastos e o recoñecemento das obrigas correspondentes a exercicios anteriores e derivadas das facturas e liquidacións que se relacionan a continuación, por un importe total de SETE MIL CINCOCENTOS SETENTA EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (7.570,48 euros) con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas do orzamento vixente:

RELACIÓN F/2024/46

Nº de Entrada	Data	Importe Total	Desconto	Importe líquido	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Aplic.
F/2024/864	21/03/2024	300,00	37,19	262,81	76866730V	SALGUEIRO GARCIA ALEJANDRO	FRA Nº 01/2024; CONCERTO CON RAFA FERNÁNDEZ O 01.12.2023	2024 334 22799
F/2024/1101	09/04/2024	2.313,52	0,00	2.313,52	B15604432	BARBATANA, S.L.	FRA Nº E-23 006; SERVIZO CONSERXERIA PAVILLON DEPORTES - DECEMBRO 2022	2024 342 22799
F/2024/1162	23/04/2024	39,00	0,00	39,00	B15401185	COMERCIAL GRAN VIA NEGREIRA, S.L.	FRA Nº 2024 494; DVD NEVIR - ESCOLA INFANTIL	2024 323 22199
F/2024/1231	06/05/2024	236,56	0,00	236,56	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y	FRA Nº 1240262577; SGAE REPRESENTACION	2024 338 22699

						EDITORES	CONCERTO MAGO TETO O 25.09.2023 NA CARBALLEIRA	
F/2024/1259	06/05/2024	0,01	0,00	0,01	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº AE24137000083979; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/TEMBRA 9702 01 ALPUBL - PERIODO 05.12.2023 A 06.02.2024	2024 165 22100
F/2024/1432	09/05/2024	274,31	0,00	274,31	B70388574	UFA TECNOLOGIAS DE COMUNICACION S.L.U.	FRA Nº M 24017; COPIAS CASA DE CULTURA - PERIODO 15.11.2023 A 20.04.2024	2024 330 21900
F/2024/1434	10/05/2024	270,40	0,00	270,40	B70388574	UFA TECNOLOGIAS DE COMUNICACION S.L.U.	FRA Nº M 24018; COPIAS SERVIZOS SOCIAIS - PERIODO 15.11.2023 A 25.04.2024	2024 231 21900
F/2024/1435	10/05/2024	1.546,11	0,00	1.546,11	B70388574	UFA TECNOLOGIAS DE COMUNICACION S.L.U.	FRA Nº M 24019; COPIAS OFICINAS XERAIS - PERIODO 15.11.2023 A 25.04.2024	2024 920 21900
F/2024/1437	10/05/2024	21,63	0,00	21,63	B70388574	UFA TECNOLOGIAS DE COMUNICACION S.L.U.	FRA Nº M 24020; COPIAS ESCOLA INFANTIL - PERIODO 15.11.2023 A 24.04.2024	2024 323 21900
F/2024/1438	10/05/2024	7,51	0,00	7,51	B70388574	UFA TECNOLOGIAS DE COMUNICACION S.L.U.	FRA Nº M 24021; COPIAS GES - PERIODO 15.11.2023 A 24.04.2024	2024 135 21900
F/2024/1439	10/05/2024	88,85	0,00	88,85	B70388574	UFA TECNOLOGIAS DE COMUNICACION S.L.U.	FRA Nº M 24022; COPIAS ESCOLA MÚSICA - PERIODO 15.11.2023 A 24.04.2024	2024 334 21900
F/2024/1604	05/06/2024	116,39	0,00	116,39	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	FRA Nº PI23142000384247; SUBMINISTRO ELECTRICO CARBALLEIRA STAMINIA ALPUBL - PERIODO 21.09.2023 A 27.09.2023	2024 165 22100
F/2024/1605	05/06/2024	258,92	0,00	258,92	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	FRA Nº PI23142000380524; SUBMINISTRO ELECTRICO CARBALLEIRA STAMINIA POSTOS - PERIODO 21.09.2023 A 27.09.2023	2024 165 22100
F/2024/1777	07/06/2024	169,50	0,00	169,50	B15468184	PANADERIA PASTELERIA LA CANELA, S.L.	FRA Nº F1 24; ROSCAS, EMPANADAS E	2024 334 22601

							MOLETES	
F/2024/1813	13/06/2024	1.376,97	0,00	1.376,97	A08431090	NATURGY IBERIA	FRA Nº RE22326001185308; SUBMINISTRO ELECTRICO PS PEDROUZOS 9700 CEIP - PERIODO 28.01.2022 A 24.02.2022	2024 323 22100
F/2024/1834	15/06/2024	242,83	0,00	242,83	A65067332	COMERCIALIZA DORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE23137028008397; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/PIÑEIRO 9700 ALPUBL - PERIODO 01.11.2023 A 30.11.2023	2024 165 22100
F/2024/1835	15/06/2024	10,42	0,00	10,42	A65067332	COMERCIALIZA DORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE23137021057951; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/A IGREXA (BASTAVALES) 9700 - PERIODO 02.08.2023 A 06.09.2023	2024 920 22100
F/2024/1887	24/06/2024	52,15	0,00	52,15	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	FRA Nº 1240308116; SGAE REPRESENTACION DESQUELANDO O 30.09.2023 NO CENTRO SOCIAL	2024 338 22699
F/2024/2840	19/09/2024	95,40	0,00	95,40	B15203623	LIBRERIA FOLLAS NOVAS	FRA Nº 591; ATENCIONS PROTOCOLARIAS RECEPCION NENOS SAHARAUIS	2024 231 22106
F/2024/2841	19/09/2024	60,00	0,00	60,00	B15203623	LIBRERIA FOLLAS NOVAS	FRA Nº 1.009; VALES PREMIOS ENTROIDO 2023	2024 334 22699
F/2024/2842	19/09/2024	90,00	0,00	90,00	B15203623	LIBRERIA FOLLAS NOVAS	FRA Nº 1.056; VALES CONCURXO TARXETAS 2023	2024 334 22699
TOTAL		7.570,48	37,19	7.533,29				

Segundo.- Imputar estas obrigas con cargo aos créditos correntes das aplicacións orzamentarias do orzamento vixente.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que votarán a favor pero que se teña en conta o que se di no informe de intervención.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (3) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE NOVA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMENEENTE.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 10.10.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 15.10.2024, que transcrita di:

No artigo 326 e na Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, se regulan as Mesas de Contratación como órganos de asistencia aos órganos de contratación.

Resultando que o Pleno con data 16.10.2019 acordou constituír a nova Mesa de Contratación permanente do Concello, que asistirá aos órganos de contratación para a adxudicación de contratos nos procedementos aberto, aberto simplificado, aberto simplificadísimo do artigo 159.6, ou procedementos negociados á que se refire a Lei 9/2017, do 8 de novembro e designar aos integrantes da Mesa de Contratación.

Resultando que o Pleno do 21.10.2020 fixo a última designación de compoñentes da mesa.

Resultando que desde o anterior acordo producíronse cambios nas denominacións de postos e mesmo baixas e altas de persoas nalgúns postos, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Designar aos novos integrantes da Mesa de Contratación permanente do Concello que a continuación se relacionan:

Presidente: Titular: O alcalde Pablo Lago Sanmartín.
Suplente: Carlos Noya Pereira. Tenente de alcalde.

Vogais:

- Javier Nieves González, secretario do Concello ou funcionario/a que legalmente o substitúa.
- Luis Taboada Hervella, interventor do Concello ou funcionario/a que legalmente o substitúa.
- María Dolores Torrado Ares, técnica de administración local.

Secretario/a Titular: Julio Mallo Nieto, oficial oficina electrónica.
Suplente: Francisco Javier Vidal Lorenzo, administrativo do Concello.

2º) Publicar a composición da nova Mesa Permanente no perfil do contratante do Concello integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, de conformidade co artigo 326.3 e Disposición Adicional 2ª, apartado 7 da Lei 9/2017.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que votarán a favor pero que como sempre dixeron lles gustaría que a oposición pódese ter intervención na Mesa de Contratación.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:
Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (3) e BNG (3).
Votos en contra: 0.
Abstencións: 0.
Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA SOBRE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO A 31.12.2023.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 09.10.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 15.10.2024, que transcrita di:

En cumprimento do disposto no artigo 86 do RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e realizados os traballos de rectificacións oportunas no inventario de bens e dereitos desta entidade.

Emitido informe por secretaría sobre lexislación aplicable e procedemento a seguir, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a rectificación do inventario municipal de bens e dereitos pertencentes a este Concello, referidos ao período comprendido entre o 31 de decembro de 2022 e o 31 de decembro de 2023, nos seguintes termos:

ALTAS

1.- INMOBLES

1100039 TERREOS NO BALNEARIO DO TREMO. No ano 2023 leváronse a cabo traballos de reparación e mantemento do parque infantil así como a instalación de dous elementos novos.

VALOR 5.492,32 €

1100042 PARCELAS NA URBANIZACIÓN DEVESA DA GÁNDARA. No ano 2023, na parcela ZV, realizouse a instalación dunha tirolina. As obras foron adxudicadas á empresa Construcciones Lemos Martinez, S.L. por resolución de alcaldía do 21.12.2023 e recibidas o 27.12.2023.

VALOR 48.398,52 €

No ano 2023 a empresa Construcciones Lemos Martínez levou a cabo as obras do proxecto de renovación do pavimento da Pista deportiva do Inxerido

VALOR 19.049,95 €

1100076.- RECEPCION DAS OBRAS DE URBANIZACION DA AR8. No ano 2023 leváronse a cabo as obras do novo parque infantil cuberto en Lamiño. As obras adxudicáronse a empresa Proyecon Galicia, S.A. por resolución de alcaldía de data 09.11.2022 e recibíronse o 27.12.2023.

VALOR 400.697,79 €

1221001 BIBLIOTECA MUNICIPAL

No ano 2023 a empresa Construcciones Iglesias Mera, S.L. levou a cabo a construción dunha cuberta para instalación fotovoltaica de 8,2 KW e punto de recarga eléctrica no aparcadoiro detrás do edificio. As obras adxudicáronse por resolución da alcaldía de 02.06.2023 e recibíronse o 31.12.2023.

VALOR 44.687,55 €

No ano 2023 colocouse un punto de recarga de vehículos eléctricos na Biblioteca (Obradoiro dual emprego Ames - Brión 202222023)

VALOR 18.018,53 €

No 2023, a empresa Instalaciones Eléctricas de Sanxenxo, S.L.U. realizou unha instalación solar fotovoltaica para autoconsumo sobre pérgola no aparcamento da Biblioteca.

VALOR 13.325,10 €

No ano 2023 realizáronse melloras do local para realización de actividades culturais. Adxudicado por resolución de alcaldía do 29.09.2023 a Construcciones Lemos Martínez, S.L. e recibidas o 20.11.2023.

VALOR 48.399,99 €

1222002 EDIFICIO ESCOLAR NOS ANXELES.- No ano 2023 levouse a cabo a reparación da instalación deportiva (Pista polideportiva)

VALOR 47.856,89 €

No ano 2023 realizáronse obras de reforzo do muro do parque infantil dos Ánxeles.

VALOR 47.178,20 €

1223005 DEPOSITO REGULADOR DO ABASTECIMENTO DE AUGA DE BRION.- No ano 2023 procedeuse á substitución da tubaría de fibrocemento existente á saída do depósito. Adxudicada a Espina & Delfín, S.L. por resolución de alcaldía do 07.11.2023.

VALOR 46.941,18 €

12231112 SANEAMENTO EN GOSENDE, SAIME E SOUTO.- No ano 2023 ampliouse a rede de abastecemento e saneamento na aldea de Saíme. As obras foron adxudicadas por un importe de 12.946,01€ á empresa Excavaciones Midón, S.L. por resolución de alcaldía do 15.12.2022 e recibíronse o 10.02.2023

VALOR 12.946,01 €

12231113 SANEAMENTO EN O CABO.- No ano 2023 realizáronse obras de instalación de tubaría de abastecemento e saneamento

VALOR 22.041,46 €

1224002 PAVILLON POLIDEPORTIVO DE BRION.- No ano 2023 colocouse un punto de recarga de vehículos eléctricos no pavillón (Obradoiro dual emprego Ames - Brión 202222023)

VALOR 18.018,53 €

1224004 CAMPO DE FUTBOL DE LUAÑA.- No ano 2023 realizáronse obras de: Mellora da eficiencia enerxética da iluminación. Foron adxudicadas á empresa Mymelec Enerxía, S.L.U. por resolución de alcaldía do 21.12.2023 e recibidas o 27.12.2023.

VALOR 48.380,64 €

1224011 PARQUE INFANTIL DE NINANS.- No ano 2023 realizouse a construción do novo parque infantil cuberto (Expediente 2023/G003/000360). As obras foron adxudicadas por resolución de Alcaldía do 26.05.2023 a Tarrío y Suárez, S.L. e recibidas o 13.09.2023.

VALOR 48.397,20 €

1527101 AMAÑECIDA – MOLDES.- No ano 2023 realizouse a obra denominada Mellora de Camiños Municipais en Moldes - Luaña". A obra foi adxudicada por decreto do 26.12.2023 a Mantencimentos EVI, S.L. e foron recibidas con data 28.12.2023.

VALOR 48.194,70 €

1531010 GUITIANDE. No ano 2023 realizáronse obras de reforzo de firme nos accesos a Guitiande e outros. (Plan de obras e servizos investimentos financeiramente sostibles POSF da Diputación da Coruña) por un importe de 156.191,82 €. As obras foron adxudicadas por resolución de alcaldía do 04.11.2022 a Vias e Servizos Compostela, S.L. e recibíronse o 21.09.2023.

VALOR 156.191,82 €

1531022 AC 543. Treito da Estrada AC-543 comprendido entre o P.Q. 8+390 e o P.Q. 10+000, xunto co seu dominio público viario, agás a calzada circular e beiravías das glorietas do P.Q. 9+310 (conexión coa AC-304) e do P.Q. 9+730 (conexión coa AC-300 e AC-451). Acta de entrega pola Xunta de Galicia de data 03.07.2023.

VALOR 867.615 €

1532001 BABENZO. No ano 2023 realizáronse obras de mellora do viario de acceso a Babenzo (Plan provincial de obras y servicios Adic. 2 POS + 2022). As obras foron adxudicadas á empresa Construcciones Ponciano Nieto, S.L. por resolución de alcaldía do 23.11.2022 e recibíronse o 02.08.2023.

VALOR 269.934,98 €

1532023 VILAS. No ano 2023 Excavaciones Perez Lois, S.L. realizaba a obra de canalización de pluviais nesta aldea. A obra foi adxudicada por decreto de alcaldía do 21.12.2023 e foron recibidas e foron recibidas o 22.12.2023.

VALOR 46.968,57 €

1537012 VEXO.- Obras de asfaltado da Aldea de Vexo e bacheado en Gontade, Xinzo e Sabaxáns (Ano 2023). As obras foron adxudicadas por decreto de alcaldía do 14.12.2022 a Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A. e recibidas o 05.06.2023.

VALOR 47.647,15 €

1539005 OMBRE. No ano 2023 realizáronse obras de mellora do firme da aldea de Ombre. As obras foron adxudicadas á empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A. por resolución de alcaldía do 04.08.2023 e recibíronse o 18.10.2023.

VALOR 42.000,00 €

No ano 2023 realizáronse obras de ampliación da seguranza viaria do acceso a aldea de Ombre. As obras foron adxudicadas á empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A. por resolución de alcaldía do 04.08.2023 e recibíronse o 10.10.2023

VALOR 29.100,00 €

1539006 POUSADA. No ano 2023 realizouse unha obra de construción dun muro de pedra de granito para suxeición do vial á entrada da aldea. A obra foi realizada por Excavaciones Pérez Lois, S.L.

VALOR 18.120,96 €

7.- MOBLES

7010001.- NA ALCALDIA

Gravador chamadas IP Innoventis: 1614,68 €

Silla Apolo negra con trasera branca: 223,85 €

VALOR 1.838,53 €

7010003.- NAS OFICINAS XERAIS

OFICINA ARQUITECTO

Monitor 24" AOC FULLHD: 180 €

VALOR 180,00 €

7010008. NA OFICINA DA POLICIA LOCAL

Monitor 24" AOC FULLHD: 180,00 €

Destructora automática REXEK Ref. 2020130XEU: 361,79 €

VALOR 541,79 €

7.02.- NO PAVILLON

Lona impresa dixitalmente, tensada mediante perfís de aluminio con vinilo Concello: 6.413,00 €

Marcador 24 segundos ELKSPORT Q10504: 850 €

Rotulo Bandeirola triangular de aluminio con impresión dixital: 1.331,00 €

VALOR 8.594,00 €

7.03.- ESCOLA DE MUSICA

AULA 1

1 Ordenador sobremesa Intel I5, 16GB RAM, 512 SSD, WIFI+BLUETOOTH, GIGALAN, HDMI, USB3. 2, WINDOWS 11: 793,09 €

AULA 4

1 Ordenador sobremesa Intel I5, 16GB RAM, 512 SSD, WIFI+BLUETOOTH, GIGALAN, HDMI, USB3. 2, WINDOWS 11: 793,09 €

Contrabaixo Cremona SB-2: 1050,00€

Pantalla led Interactiva 65" Android8.0 wifi lan: 2.500,00 €

25 Atriles: 1.164,02

1 Caixón para gardar atriles: 145,20 €

VALOR 6.445,40 €

7.04.- BIBLIOTECA MUNICIPAL

Vitrina en Sapely barnizado con cristal 5 ml e pechaduras: 1.573,00 €

VALOR 1.573,00 €

7.05. XULGADO DE PAZ

Deshumificador KAYAMI D-20VF: 240,00 €

VALOR 240,00 €

7.07.- GARAXE - ALMACEN

Desbrozadora Cancela TH-200 NºSERIE: HM2Y20.230102.05: 9.317,00 €

Foco portátil -BTRY- LED- wlhs2: 589,51€

Gato elevador 4t Turismo - TT: 1.757,90 €

Hidrolavadora Anova Gasolina 3600PSI PRO: 1.131,35 €

Compresora a Poleas CA100 100l 4CV PRO: 539,74 €

Sistema anti-intrusión. Seguridade A1 (nave obras Os Ánxeles): 3.138,63 €

Taladro atornillador ABS 18 POWER 2X5AH: 608,63 €

Smartphone Xiaomi 3GB 64GB + Funda: 368,81 €

VALOR 17.451,57 €

7100004 ESCOLA INFANTIL DE AGRO NOVO.-

AULA 6

Porta de acceso baño con rodas: 397,00 €

Termo eléctrico: 544,50 €

Lavavaixelas Bosh SMS 25 AI05E: 579,00 €

3 Baldas 184x26x3 en melamina: 312,18 €

Moble estantería de 160x20x105 para colgar en melamina dividido en cubos: 254,10 €

Escaleira de madeira de 74x40 para nenos: 127,05 €

Moble cambiador de 150x70x74 con 2 portas corredeira: 464,64 €

Balda de 100x36x3 en melamina: 163,35 €

VALOR 2.841,82 €

7.11.- CUARTEL DA GARDA CIVIL

Porta de entrada, apertura practicable interior esquerda, con pechadura de seguridade

VALOR 2.565,20 €

7.13.- EDIFICIO DE PROTECCIÓN CIVIL

Televisión 43" Xiaomi: 337,59 €

Camilla Spencer Shell cesta laranxa + cintas anclaxe: 581,18 €

Equipo de excarcelación cedido pola Xunta de Galicia e Axega: 69.707 €, formado por:

BOMBA HIDRAULICA HOLMATRO SR 20: 13.600 €

CIZALLA HOLMATRO 5050: 4.600 €

RAM HOLMATRO 4315: 4.900 €

RAM HOLMATRO 4350: 8.555 €

SEPARADOR HOLMATRO 5240: 15.000 €

CIZALLA HOLMATRO 4007: 6.254 €

MANGUEIRAS HOLMATRO (2): 1.798 €

MULTIUSOS HOLMATRO A BATERIA 5111: 15.000 €

VALOR 70.625,77 €

7.16.- LOCAL SOCIAL DE SOUTULLOS

Rampa aluminio de 1200x1200 en chapa de aluminio damero de 4mm

VALOR 726,00 €

7.19.- EDIFICIO DE PIRAGÜISMO DE PONTE INSUA

Suelo eco estable exterior

VALOR 6.050,00 €

7.20.- NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE

OFICINA AUXILIAR ADMINISTRATIVO (1º ANDAR)

Smartphone Xiaomi 3GB 64Gb + Funda: 368,81€

Teléfono ip Panasonic NT541: 251,68 €

OFICINA AUXILIAR ADMINISTRATIVO (1º ANDAR)

Silla Apolo negra con traseira branca: 223,85 €

OFICINA EDUCADORA (1º ANDAR)

Monitor 24" AOC FULLHD: 180,00 €

VALOR 1.024,34 €

7.21.- PINTURAS

Doadas polos autores que participaron no programa XV ENCONTRO COA ARTE "LEMBRANDO A LAXEIRO" celebrado neste Concello no mes de Xuño de 2022.

Título: “Rostros Imaginarios”
Autor: Alba Roqueta
Técnica: Grabado P/A. 2022
Medidas: 42 x 30 cm.
Valor: 350 €

Título: “Rostro en papel”
Autor: Alba Roqueta
Técnica: Grabado P/A. 2022
Medidas: 42 x 30 cm.
Valor: 350 €

Título: “Maruxia”
Autor: Anton Sobral
Técnica: Oleo sobre lenzo”
Medidas: 50 x 50 cm.
Valor: 300 €

Título: “Arbores”
Autor: Beatriz Ansede
Técnica: Mixta sobre Lenzo
Medidas: .90x40 cm
Valor: 800 €

Título: “O Carballo de Pontemeceira”
Autor: Camilo Seira
Técnica: Acrílico sobre chapa
Medidas: . 70 x 50 cm.
Valor: 1.500 €

Título: “Raiña Lupa”
Autor: Camilo Seira
Técnica: Tinta sobre papel
Medidas: . 30 x 42 cm.
Valor: 300 €

Título: “Rúa de hortensias á saída do teatro”
Autor: Carmen Hermo
Técnica: Mixta sobre lenzo-Diptico
Medidas: 66 x 41 cm.
Valor: 300 €

Título: “Liberada con flores”
Autor: Chelo Rodriguez
Técnica: Oleo sobre lenzo
Medidas: 50 x 40 cm.
Valor: 600 €

Título: “Lomas y Brumas”
Autor: Frutos Casado de Lucas
Técnica: Acuarela
Medidas: 36 x 51 cm.



Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

Valor: 700 €

Título: "Ponte maceira"
Autor: José A. Regidor
Técnica: Acuarela
Medidas: 56x76 cm.
Valor: 800 €

Título: "Torres de Altamira"
Autor: José A. Regidor
Técnica: Acuarela
Medidas: 56 x 76 cm.
Valor: 800 €

Título: "Os Anxeles"
Autor: José A. Regidor
Técnica: Acuarela
Medidas: 56x76 cm.
Valor: 800 €

Título: "Noia"
Autor: José Galarzo
Técnica: Acuarela e tinta
Medidas: 43 x 31 cm.
Valor: 200 €

Título: "Agua (Pontemaceira)"
Autor: José Galarzo
Técnica: Acuarela
Medidas: 33 x 47cm.
Valor: 200 €

Título: "S/T"
Autor: José Galarzo
Técnica: Mixta. Collage sobre tablilla
Medidas: 27 x 35 cm.
Valor: 200 €

Título: "Pintando entre arboles"
Autor: Laureano Vidal
Técnica: Acrílico sobre lenzo
Medidas: 40 x 50 cm.
Valor: 500 €

Título: "Niño con sombrero"
Autor: Manuel Ayaso
Técnica: Mixta Collage
Medidas: 31 x 18 cm.
Valor: 1.000 €

Título: "Islas Cies"
Autor: Manuel Mendez



Praza do Concello, 1
15865 – Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

Técnica: Acuarela
Medidas: 30 x 45 cm.
Valor: 400 €

Título: “Rio Tambre”
Autor: Manuel Mendez
Técnica: Acuarela
Medidas: 40 x 40 cm.
Valor: 400 €

Título: “Reflejos en el río Pego”
Autor: M^a Carmen Martínez Martínez
Técnica: Acuarela y tinta
Medidas: 50 x 40 cm.
Valor: 200 €

Título: “En Ponte Maceira”
Autor: María Xesús Díaz
Técnica: Acrílico sobre lenzo
Medidas: 60 x 73 cm.
Valor: 1.200 €

Título: “Inspiración”
Autor: María Xesús Díaz
Técnica: Acrílico sobre cartón
Medidas: 40 x 50 cm.
Valor: 450 €

Título: O forno do rato
Autor: Paco Casal
Técnica: Acrílico sobre tabla
Medidas: 55 x 46 cm.
Valor: 1.000 €

Título: “Muiño de Ponte Maceira”
Autor: Rafael Arroyo
Técnica: Fotografía
Medidas: 31 x 42 cm.
Valor: 150 €

Título: “Noia”
Autor: Ricardo de Arce
Técnica: Acuarela
Medidas: 45 x 30 cm.
Valor: 300 €

Título: “Pontemaceira”
Autor: Ricardo de Arce
Técnica: Acuarela
Medidas: 30 x 45 cm.
Valor: 300 €

Título: “Sen título”

Autor: Ricardo Rilo
Técnica: Acrílico e collage sobre lenzo
Medidas: 73 x 60 cm.
Valor: 1.000 €

Título: "Laxeiro e compañía"
Autor: Siro
Técnica: Lápices de cores e pluma de tinta negra
Medidas: 30 x 42 cm.
Valor: 300 €

Título: S/T
Autor: Tino Canicoba
Técnica: Talla en madeira
Medidas: 38 x 13 x 15 cm.
Valor: 600 €

Título: "Ceramica nº 68 bis"
Autor: Veiras Manteiga
Técnica: Acrílico sobre lenzo
Medidas: 65 x 54 cm.
Valor: 1.000 €

Título: Igrexa de San Martiño de Noia
Autor: Xosé Vazquez Castro
Técnica: Óleo e Acrílico sobre lenzo
Medidas: 92 x 73 cm.
Valor: 2.000 €

Título: Sen título
Autor: Xosé Vizoso
Técnica: Rotulador e acrílico sobre papel
Medidas: 29,5 x 28,5 cm.
Valor: 200 €

VALOR 19.200,00 €

7.24. PISTA POLIDEPORTIVA SOIGREXA (Os Ánxeles)

2 Porterías de futbol sala/balonmano pista Soigrex, Os Ánxeles

VALOR 5.560,89 €

7.25.- LOCAL SOCIAL DE BASTAVALES

Rampla aluminio de 1200x1200 en chapa de aluminio damero de 4mm

VALOR 726,00 €

7.26.- LOCAL SOCIAL DE LUAÑA

Rampla aluminio de 1200x1200 en chapa de aluminio damero de 4mm

VALOR 726,00 €

TOTAL ALTAS 2.562.513,35 €

BAIXAS

5. VEHÍCULOS.

5000006.- CAMION. - Marca Ebro. Modelo 4125/2. Motor Perkins 6 cilindros. Pot. 120 CV (Din). 29 CV fiscais. Caixa 5 velocidades. Neumático 900x20. Dirección asistida integral. Tacógrafo. Cabina de aceiro estampada aidantada e abatible. PMA 12.500 kg. Con grúa.
Foi adquirido en 1988 a Comercial Móvil, de Santiago, co fin principal de recolla de lixo.
A Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas aportou o 50% do seu custo.

VALOR 40.267,81 €

5000013.- TRACTOR-ROZADORA.- Tractor. Marca Fiatagri. Modelo 8066 DT. Nº de bastidor 824437. Matrícula C-87697-VE
Está provisto dunha rozadora .
Foi adquirido á Mancomunidade de Concellos do Tambre como consecuencia do reparto da maquinaria empregada para limpeza de gavias.

ROZADORA BOMFORD modelo HAWK 600, adquirida no ano 2006 a VEICAR S.L., por importe de 24.262,56 euros, para o tractor Fiatagri.

VALOR 236.282,80 €

5000029.- CAMION RENAULT 210 cv turbo, con matrícula LU1518I, adquirido á empresa Construcciones Pico Yañez S. L., con destino aos servizos das cuadrillas municipais de obras. Ano de adquisición 2008.

VALOR 10.440,00 €

7100004 ESCOLA INFANTIL DE AGRO NOVO

1 Cámara de video JVC EVERIO	344,85 €
1 Ordenador Portatil ASUS X556UA-XO044T	580,80 €
1 Ordenaod LG	0,00 €
1 Impresora EPSON.....	0,00 €
silla paraguas reciclables	46,22 €
5 Fundas repostos para gandulita play	73,20 €
Moble de 150x40x120 de melamina	187,55 €
2 mesas rectangulares	0,00 €
Escaleira de madeira de 87 de alto por 35 de fondo	219,01 €
1 radio casete	0,00 €
1 banco de madeira de ferramentas	0,00 €
4 mesas rectangulares	0,00 €
Termo eléctrico de 150l SAUNIER DUVAL SUPERCONFORT	583,22 €
Lavavaixelas EDESA	360,01 €
1 Balancín modelo GUS	955,72 €
Raandeeira modelo curvo	1689,71 €

VALOR..... 5.040,29 €

7.20.- NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE

1 silla xiratoria con brazos nasdaq tapizada en bali azul	0,00 €
3 papeleiras de plástico Arch, cor gris	0,00 €
VALOR.....	0,00 €
TOTAL BAIXAS	292.030,90 €

RESUMO DO INVENTARIO DO ANO 2023

Altas no ano 2023	2.562.513,35 €
Baixas no ano 2023	292.030,90 €
Inventario a 31.12.2022	42.446.246,62 €
Inventario a 31.12.2023	44.716.729,07 €

2º) Remitir copia do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (3) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

7º) MOCIÓNS.

Aprobase por unanimidade dos doce membros presentes a urxencia do seguinte asunto:

7.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á REIVINDICACIÓN DO DÍA 25 DE NOVEMBRO E Á NECESIDADE DE IMPULSAR COMPROMISOS ECONÓMICOS E ORZAMENTARIOS PARA GARANTIR A ATENCIÓN Á VIOLENCIA MACHISTA.

A Srª. Concelleira Andrade Carrillo da lectura á moción, que transcrita di:

Exposición de motivos:

A violencia machista é o problema máis importante que afecta a vida das mulleres na nosa sociedade. Unha violencia que, malia os intentos de negala ou homologala a calquera violencia que impulsan as posicións retrógradas da dereita e da extrema dereita, é consecuencia dun sistema de dominación social contra as mulleres, o patriarcado. Fronte a efemérides e datas sinaladas que se convierten en rituais e baleiras de contido, a loita contra a violencia machista debe ser unha prioridade política, social e institucional de primeira orde manifestada en

propostas concretas que melloren a aplicación e desenvolvemento das leis e dos seus instrumentos.

Desde que o inicio das estatísticas no ano 2003, compútanse máis de 70 mulleres asasinadas na Galiza, unha cifra que temos que ser conscientes de que é incompleta pola limitación ao longo do tempo das categorizacións dos feminicidios e pola invisibilidade na que aínda quedan moitos casos pola situación de especial vulnerabilidade das vítimas.

É incuestionable a existencia da violencia machista e o seu forte impacto no noso país. No que vai de 2024 xa acadamos a mesma cifra de feminicidios que no ano 2023. Os feminicidios son a consecuencia máis extrema dunha violencia que no último ano enteiro deixa máis de 1400 ordes de afastamento, 7795 casos activos en Viogen, do que 3231 contan con protección oficial, ou máis de 900 delitos coñecidos contra a liberdade sexual, o maior número e o maior aumento de toda a serie histórica (un 20%). Moitas máis que outros tipos de terrorismo que por sorte xa desapareceron pero que seguen na boca de todos aqueles partidos que ao mesmo tempo negan o auténtico terrorismo, do que estamos a falar.

Ante esta situación observamos con preocupación como as cifras se asumen cada vez máis como parte do día a día, normalizándose no lugar de escandalizar. A isto contribúen os discursos negacionistas e banalizadores, mais tamén aqueles que procuran situar a violencia machista como algo individual ou inevitable, cando existe unha responsabilidade colectiva, institucional e social, a de protexer os dereitos humanos e a vida das mulleres.

É preciso, polo tanto, avaliar que podemos facer para evitar o avance da violencia machista e dos feminicidios. Galiza conta cunha lei pioneira, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que inclúe medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren. Porén, hai aspectos desta lei que non se cumpren ou que non se desenvolven e nos que se está a fallar.

Un destes aspectos é o da atención psicolóxica, absolutamente fundamental para que as vítimas poidan romper coa espiral de violencia e para que se recuperen. Desde hai dezasete anos a lexislación contempla que este servizo se preste de maneira integral e como parte da Atención Primaria.

Outro aspecto fundamental para a loita contra a violencia machista é reforzar os recursos de proximidade, como son os Centros de Información á Muller, que se ben son de titularidade municipal, é a Xunta de Galiza quen delimita os requisitos que deben cumprir para a súa creación, os seus principios de actuación e as súas funcións e contribúe ao seu financiamento. Malia ser unha demanda histórica do municipalismo e das traballadoras destes centros, a Xunta de Galiza segue sen abordar unha mellora do seu financiamento, a fixación de rateos mínima de persoal e a ampliación de categorías profesionais.

Finalmente, cómpre sinalar a preocupación ante importantes pasos atrás no simbólico e na articulación do sistema de protección ás vítimas que está a dar o goberno do Partido Popular. Despois da supresión da Secretaría Xeral de Igualdade e de rebaixar o seu rango institucional, o goberno da Xunta avanza na privatización dos novos recursos aos que obriga o marco estatal de loita contra a violencia sexual malia transferírselle fondos europeos para a súa creación. Unha decisión intolerable, que vai precarizar a atención ás vítimas e ante a que só cabe sinalar que a violencia machista non é un negocio para seguir engordando os beneficios de empresas multiservizos.

Cada 25 de novembro debemos homenaxear ás miles de mulleres e de colectivos de mulleres grazas aos que a violencia machista está no centro do debate político e a única maneira de o facer é comprometernos con máis avances.

Por estes motivo pensamos que esta corporación municipal debe reafirmar o seu compromiso na loita contra a violencia machista, rexeitando calquera discurso banalizador ou negacionista así como calquera retroceso que elimine ou privatice recursos do sistema de protección e atención ás vítimas.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG somete a debate esta moción e solicita á corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

1º) Instar á Xunta de Galiza a adoptar prioritariamente as seguintes medidas:

A) Aprobar e dotar orzamentariamente un plan de reforzo dos recursos e persoal necesario para poder prestar a atención precisa á saúde mental na sanidade pública e dar cumprimento ao mandato de prestar a atención asistencia psicolóxica para vítimas de violencia como un servizo de atención primaria, en coordinación coa atención especializada nas áreas sanitarias. Este plan contará cunha partida singularizada e orzada nos próximos orzamentos do goberno galego e incluírá, en colaboración co Colexio de Psicoloxía de Galiza, unha proposta de ampliación dos programas xa existentes.

B) Impulsar un novo marco regulamentario e orzamentario, incrementando a súa contribución, para os Centros de Información á Muller co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados, impulsar a fixación de rateos mínimas de persoal e favorecer a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM.

C) Rectificar a súa decisión de privatizar os futuros centros de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual e garantir a prestación deste servizo desde o sistema público de saúde, con cadros de persoal suficientes para garantir a atención presencial e directamente ao cargo da administración pública, así como a acelerar a súa posta en marcha nas sete áreas sanitarias.

Debate:

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que nós imos votar a favor.

A Sr^a. Concelleira Fariña Bellón sinala que nós ímonos abster; estamos de acordo co fondo, pero non coas formas, e dicir tamén que existen bastantes Centros de Información á Muller pero falta moito traballo por facer por parte dos concellos e do Estado, e que o Pacto de Estado contra a violencia de xénero é de 2017 e era para cinco anos, e se fixeron moitas cousas.

A Sr^a. Concelleira Andrade Carrillo pregunta que a que formas se refire, e a Sr^a. Concelleira Fariña Bellón responde que a iso que din de “as posicións retrógradas da dereita e da extrema dereita.””

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 3, pertencentes aos grupo municipal do PP (3).

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

8º) ROGOS E PREGUNTAS.

8.1. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do BNG:

1. Situación limpeza en camiños.

Vemos como hai determinadas zonas e camiños do noso concello que precisan de limpeza nas beirarrúas e camiños de acceso, pola contra outros case sempre das mesmas parroquias están nun estado máis que aceptable.

- Existe algunha previsión en canto a limpeza de camiños, algún calendario de traballo para internar uniformar as condicións de todo o concello?
- Neste sentido, que se está a facer cos propietarios que están a incumprir en materia de limpeza de fincas ou de distancias segundo o marcado pola lei?

A Sr^a Concelleira Cebral Gómez responde que vaise facendo de xeito circular en todo o concello e tendo sempre en conta as peticións da veciñanza. Que o concello está adherido ao convenio Xunta - FEGAMP para as actuacións nas faixas secundarias e que o Pleno o 17 de xuño de 2020 aprobou o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello; o concello notifica as limpeza coa advertencia de execución subsidiaria que require dun procedemento longo.

Todos os anos se fai o bando recordatorio da obriga de limpar e que os concellos non dispoñemos de medios axeitados para facer ese traballo, hai 1721 parcelas rústicas e 708 urbanas que precisan limpeza, iso require un traballo de inspección parcela por parcela, notificacións a Seaga para execucións subsidiarias e todo iso procurando o menor prexuízo para a veciñanza e cumprir coa lei.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que se o concello limpa se lle pasará a factura.

A Sr^a. Concelleira sinala que iso faino Seaga e lles pagan a Seaga.

O Sr. Alcalde sinala que é mellor concienciar aos veciños do problema, que sancionar.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que se sancione a aqueles que non cumpren coa lei, para que todos os veciños sexan iguais.

2. Situación de estradas e beirarrúas do concello.

Ao igual que nas limpeza observamos como hai diversas zonas no concello onde as fochancas xa levan tempo sen que ninguén pase solucionar. Podemos falar do Alqueidón, de Guldrís, de Soigrex, de diante da policlínica dos Ánxeles, de Lamiño, etc, etc.

Existe algunha previsión de valorar, revisar e por suposto solucionar na medida do posible todas estas situacións perigosas para o tránsito de vehículos e de persoas. Ata cando a veciñanza ten que aguantar o lamentable estado destas estradas e camiños?

A Sr^a Concelleira Cebral Gómez responde que tomamos nota destas incidencias, que a maior parte están no plan de reparacións do concello e polo tanto se farán proximamente. A obra da AC-543 se iniciará nas próximas semanas e xa se farán as melloras solicitadas neste punto.

3. Situación actual da carballeira.

Dado que dende a oposición non voltamos saber nada do proceso de replante dos carballos, e despois dunha Santa Minia na que se volveu reabrir parcialmente a mesma, queremos saber cal é a situación actual dos traballos de replante e de tala dos carballos que aínda quedan.

Por outra parte quedamos a espera de que o concello fale coa oposición para valorar a nova normativa de usos da carballeira tal e como acordou no seu día.

A Sr^a Concelleira Cebral Gómez responde que os carballos novos están adaptándose perfectamente e por iso nas festas de Santa Minia abriuse o paso previos informes técnicos

favorables; do resto de carballos enviáronse mostras a laboratorio para ver como están e en función do resultado hai dúas opcións, ou darlle tratamento ou se están enfermos facer como se fixo cos primeiros, previa nova autorización de Patrimonio, ao estar catalogada a carballeira.

Respecto do tema da normativa de usos queda aínda moito para chegar a ese punto, e remata sinalando que se queredes máis aclaracións se pode facer unha entrevista co grupo de técnicos que están traballando niso.

4. Sobre o mural do campo de fútbol.

No exterior do campo de fútbol de Brión hai pinturas murais froito de varias iniciativas. Algún destes murais, concretamente o de Lidia Cao, viuse afectado por inxustificables accións vandálicas. Tamén afecta ás pinturas a escorrentía da auga e óxido da chapa metálica que recobre a parte superior do muro.

Solicitamos do concello a restauración do mural, eliminando a pintada vandálica e instalando algunha protección que evite a escorrentía do óxido que en pouco tempo acabará por arruinar estas manifestacións artísticas.

A Sr^a Concelleira Cebal Gómez responde que tomamos nota deste rogo; revisaremos as instalacións para ver que se pode facer co tema do óxido, e procuraremos que estea como todas as do concello nas mellores condicións.

5. Sobre a Mancomunidade de concellos “Serra do Barbanza”.

O tempo pasa e a mancomunidade segue sen convocar a asemblea tal e como indican os seus estatutos e a información que chega á veciñanza é moi escasa e limitada ao convencemento de que imos ter que pagar moito máis por un servizo que non se está prestando nas condicións que se debería. Preguntamos:

Como está a situación da mancomunidade a día de hoxe?

Canto calcula o goberno municipal que vai subir o recibo de lixo?

Hai algunha negociación con outras administracións para que colaboren coas inversións necesarias para mellorar o funcionamento da mancomunidade?

Hai data para a celebración da asemblea xeral da mancomunidade?

A Sr^a Concelleira Cebal Gómez responde que como xa se dixo con anterioridade a situación está moi ao límite; por unha banda existe unha débeda moi grande co concesionario e non se puido sacar aínda a nova licitación da concesión e por outra banda se está a ver se pode cumprir ou non a nova normativa medioambiental.

Respecto das cotas aprobáronse no pleno as previsións para 2024 ata que a mancomunidade as aprobe definitivamente e se fixo con cargo ao remanente e os veciños aínda non terán que pagar máis.

As novas cotas non van ser iguais para todos os concellos, aquí con anterioridade se fixeron actualizacións das tarifas de xeito razoable, outros concellos non fixeron nada.

A asemblea xeral vaise convocar dun momento a outro e que se polo presidente da mancomunidade fora, que é o alcalde, xa se tiña celebrado.

O Sr. Alcalde sinala que estamos esperando polo resultado da auditoría, que o teremos en breve, para saber o que podemos levar á asemblea; se le fixo solicitude á Xunta de Galicia para que axudara pero hai que esperar pola auditoría para ver ata onde podemos chegar; o servizo de recollida prestase ben e o de reciclado nunca se fixo porque non era compost de calidade por que non se facía ben a reciclaxe desde as casas.



Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e trinta e sete minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González